

## **17. LIGA 1ª DIVISIÓN INFANTIL FEMININA**

### **17.1. EQUIPOS PARTICIPANTES**

Participarán os seguintes 18 equipos:

- Os 16 equipos que conformaban a Liga 1ª División Infantil Feminina na tempada anterior e non descenderon.
- Os equipos clasificados da Fase Ascenso da tempada 2020-21

### **17.2. COMPETICIÓN INFANTIL**

A competición dividirase en: Primeira fase, Segunda fase, Final A4 e Copa Federación.

### **17.3. DATA DE INSCRICIÓN DE EQUIPOS**

3 de agosto ás 13.00 h.

Todos os equipos que se inscriban nesta categoría, deberán ter inscrito ou vinculado un equipo minibásquet feminino ou mixto (só poderán xogar na 1ª División Infantil Feminina as xogadoras femininas dos equipos mixto).

### **17.4. XOGADORAS**

A data límite para dar de alta xogadoras nesta categoría será a do 26 de febreiro do 2021. Excepcionalmente, permitirase que como máximo tres xogadoras pertencentes a outro equipo do club e da mesma categoría poidan ser aliñadas tanto na liga como na copa.

Nesta categoría permitirase un máximo de 12 xogadoras e un mínimo de 8.

### **17.5. ARBITRAXES**

As arbitaxes serán autonómicas.

### **17.6 LIGA 1ª DIVISION INFANTIL FEMININA**

#### **Primeira Fase:**

Os 18 equipos dividiranse en tres grupos de seis cada un (Norte, Centro e Sur) distribuídos por proximidade xeográfica (10 xornadas).

#### **Segunda Fase:**

Os equipos clasificados do 1º ao 2º e os dos mellores 3º de cada un dos grupos formarán dous grupos (A-1 e A-2) de catro equipos cada un e xogarán polo título, e os clasificados do 5º ao 6º e o peor 3º conformarán outros dous

grupos de cinco equipos (B-1 e B-2) e xogarán polo descenso. O formato de competición será liga regular. A composición dos grupos será a seguinte:

Grupo A-1

1º Grupo Norte  
1º Grupo Centro  
2º Grupo Sur  
2º Mellor 3º

Grupo B-1

3º  
4º Grupo Norte  
5º Grupo Sur  
5º Grupo Centro  
6º Grupo Norte

Grupo A-2

1º Grupo Sur  
2º Grupo Norte  
2º Grupo Centro  
1º Mellor 3º

Grupo B-2

4º Grupo Sur  
4º Grupo Centro  
5º Grupo Norte  
6º Grupo Sur  
6º Grupo Centro

Fase Final 16/05/21

A Fase final a disputarán os dous primeiros equipos clasificados do A-1 e A-2 no mesmo día e 2 xogarán polo título de liga e os perdedores por 3º e 4º posto da liga.

1º Grupo A-1 - 2º Grupo A-2	1 (Semifinais)
1º Grupo A-2 – 2º Grupo A-1	2 (Semifinais)
Perdedor 1 – Perdedor 2	(3º-4º posto)
Gañador 1- Gañador 2	(1º-2º posto)

Os equipos clasificados nos postos 1 B1 e 1º B2, disputarán a Final da Copa Federación.

1º B-1 – 1º B-2

Clasificación Final

A Fase Final A, establecerá os 4 primeiros clasificados da competición sendo a 1º o que ostentará o título de Campión Galego.

Do 5º o 8º establecerase segundo a clasificación da Liga regular.

A Fase Final B, establecerá os clasificados do 9º o 10º posto  
O 11º e 18º establecerase segundo a clasificación da Liga regular.

Para establecer a clasificación segundo a Liga Regular terase en conta os seguintes criterios:

- 1º.- O equipo co mellor orde clasificatorio no seu grupo.
- 2º.- O equipo co maior número de vitorias.

- 3º.- O equipo coa maior diferenza xeral de tantos a favor e en contra.
- 4º.- O equipo coa maior cociente xeral de tantos a favor e en contra.
- 5º.- O equipo con máis tantos anotados.
- 6º.- O equipo con máis tantos anotados como visitante.

Para designar a sé desta Fase Final, a FGB a través do seu Comité de Actividades emitirá unha circular para a organización da mesma.

### **17.8 ASCENSOS E DESCENSOS**

Ascenderán á 1ª División Infantil Feminina os equipos reflectidos nas Normas de Competición da 2ª División Infantil e da Liga Pre-Infantil así como os clasificados da Fase Ascenso na tempada 2019-20.

Os equipos clasificados nos postos 13º ao 18º, descenderán á Liga Infantil de 2ª División.

Participarán na Fase Final do Campionato de España os equipos que recolla a normativa establecida para esta competición pola Federación Española de Baloncesto.

### **DATAS DE SORTEO E XOGO**

Sorteo: 19 outubro ás 18:00 horas, na sede central da FGB.

Sorteo: 8 febreiro ás 18:00 horas, na sede central da FGB.

#### **Datas de xogo:**

Novembro: 8, 15, 22, 29

Decembro: 13, 20

Febreiro: 7, 21, 28

Marzo: 7, 14, 21, 28

Xaneiro: 17, 24, 31

Abril: 18, 25

Maio: 2, 9

Fase Final: 16 de maio.

### **17.9 HORARIO DE XOGO**

Os encontros terán que disputarse nas seguintes bandas horarias:

Sábados: 10.00, 12.00 16.00, 18.00 ou 20.00 horas e domingos: 10.00, 12.00, 17.00 e 19:00 h.

Excepcionalmente e por causas de forza maior, a xuízo fundamentado do Comité de Actividades da FGB, este poderá autorizar algunha solicitude fóra dos prazos sinalados, sendo requisito indispensable para a súa consideración recibir na FGB a conformidade do equipo contrario.

Sempre que o equipo local fixe como horario de xogo as 10.00 h, ou o domingo ás 19.00 horas, e o equipo visitante así o requira, terá que fixarse como horario de xogo ás 12.00 h ou as 16.00 h, 18.00 h ou 20.00 horas se é sábado e as 12.00 ou as 17.00 horas se o encontro se disputa en domingo, sempre que o

equipo que se despraza o faga dende máis de 100 km de distancia, previa solicitude por escrito con, polo menos, 7 días de antelación.

### Recomendacións:

Recoméndase aos clubs participantes que, no posible, designen como horario de xogo os sábados pola mañá, o que evitaría problemas arbitraris e moitas coincidencias cos equipos sénior e cadetes.

### Modificacións de data, campo e horario:

Obxecto Modificación	Prazo Recepción	Conformidade	Cota
Data	Máis de 1 mes	Si	00,00
Campo	Máis de 1 mes	Non	00,00
Hora	Máis de 1 mes	Non	00,00
Data	Máis de 15 días	Si	00,00
Campo	Máis de 15 días	Non	00,00
Hora	Máis de 15 días	Si	00,00
Data	Máis de 9 días	Si	45,00
Campo	Máis de 9 días	Si	45,00
Hora	Máis de 9 días	Si	45,00

Excepcionalmente e por causas de forza maior, a xuízo fundamentado do Comité de Actividades da FGB, este poderá autorizar algunha solicitude fóra dos prazos sinalados, sendo requisito indispensable para a súa consideración recibir na FGB o día da petición, a cota de 75,00 euros e a conformidade do equipo contrario.

### 18.10. TERREO DE XOGO

Cada club participante deberá contar cun terreo de xogo oficial, cuberto e pechado, o cal non poderá variar en toda a tempada. Neste terreo de xogo disputaranse os seus estar catalogado como NIVEL 1 dentro da Normativa de Terreos de Xogo. Non se admitirán en competicións aqueles equipos que na súa folla de inscrición non o fagan constar.

Nos encontros que participen equipos que realicen desprazamentos e en caso de suspensión dese encontro por inclemencia atmosférica ou por calquera outra causa, este deberá realizarse, obrigatoriamente, dentro das dúas horas seguintes á marcada para o seu comezo.

Así mesmo, se un club ofrece como cancha reserva unha cuberta e pechada para casos de inclemencia atmosférica, deberá celebrarse o encontro dentro do prazo sinalado anteriormente e nunha pista cualificada co mesmo Nivel. Se finalmente e por falta de previsión do equipo local tivese que suspenderse definitivamente o encontro, o equipo local perderá o mesmo, sen descontarlle puntos na clasificación e sen que se considerase incomparecencia.

A FGB recomenda a todos os clubs que sexan propietarios de terreos de xogo cubertos e pechados que, dentro das súas posibilidades, empreguen nestes canastras de pé, así como que teñan reposto de taboleiros para o caso de rotura accidental.

Os clubs deberán cumprir as prescricións previstas pola lexislación vixente no referente á prevención da Violencia nos Espectáculos Deportivos e serán os responsables da seguridade de xogadoras e árbitros no que respecta ás instalacións deportivas, poñendo os medios necesarios para evitar accidentes extradeportivos no transcurso da actividade.

#### **17.11. BALÓN OFICIAL DE XOGO**

O balón oficial de xogo para esta categoría será de coiro da marca MOLTEN. Non empregar o balón oficial levará consigo a sanción prevista no regulamento disciplinario.

#### **17.12. OBRIGAS ESPECÍFICAS:**

##### **COMUNICACIÓN DE RESULTADOS**

O árbitro principal e o club local están obrigados a introducir o resultado o mesmo día do encontro na oficina Web de árbitros ou clubs, segundo sexa o caso:.

#### **17.13. FASE ASCENSO**

Participarán todos os equipos que se inscriban antes do 1 de setembro ás 13.00 horas. No caso de que houberse equipos con dereito a praza na 1ª división e non se inscribisen no prazo regulamentario estas prazas engadiranse ás primitivamente asignadas á Fase de Ascenso.

Excepcionalmente, os clubs que participen nesta fase poderán elaborar unha lista dun máximo de 15 xogador@s para disputar a mesma. Esta lista deberá remitirse con, polo menos, 7 días de antelación ao comezo da competición a súa delegación. Tod@s @s compoñentes deste listado deberán estar dados de alta no seguro deportivo obrigatorio. Unha vez rematada esta fase os xogador@s poderán ser redistribuídos dentro do seu club en un o varios equipos.

O Comité de Actividades, en base ás inscricións recibidas deseñará un sistema de competición no que se clasificarán dous equipos para disputar a Liga de 1ª División Infantil Feminina.

Neste sistema de competición se establecerán “cabezas de serie” estipulando a seguinte puntuación:

- 2 puntos os equipos que tiveran participado na 1ª división Minibasket na temporada 18-19.

## Liga 1ª División Infantil Feminina

- 1 punto os equipos que tiveran participado na Fase Final de 2ª Div. Minibasket na temporada 18-19 , ou na Fase de Ascenso Infantil da mesma temporada.

Os equipos que obtiveran maior puntuación serán os cabezas de serie no sorteo.

### DATAS DO SORTEO E XOGO

**Data de sorteo:** 2 de setembro ás 11.45 h nos locais da FGB en Santiago.

**Datas de xogo:**

Setembro: 13, 20, 27

Outubro: 4, 11, 18